



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA**

Web
consellodacultura.org

Twitter:
[@consellocultura](https://twitter.com/consellocultura)

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Telf:
+34 981 95 72 02

27/11/2013

O libro en cifras

Introdución

O sector do libro e da edición está experimentando uns cambios relevantes. Os datos amosan a dificultade dun sector que segue sendo fundamental dentro da economía creativa. Estes mesmos datos tamén reflicten a realidade dunha sociedade cada día máis dependente das novas tecnoloxías. Semella que o eido editorial camiñará con paso firme cara a esa dirección, a través da publicación de libros en rede, libros electrónicos, etc. As canles poderán ser variables nun futuro, pero no que hai consenso é na importancia do libro e da súa lectura. O libro é un instrumento esencial para a información e a formación do individuo e, polo tanto, para o progreso.

No informe que se aborda a continuación, realízase un percorrido por todos os ámbitos relacionados coa edición de libros en Galicia, a súa evolución e a descrición comparativa. A análise abrangue dende os datos estatísticos máis específicos sobre a edición de libros, ata magnitudes transversais comúns para libro que van dende a produción editorial ata os hábitos de lectura dos galegos, pasando polo estudo do sector empresarial e o mercado laboral do sector.

Delimitación do ámbito

Segundo o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, para os efectos da estatística da edición española de libros con ISBN, o concepto de libro é o establecido pola Lei 10/2007 da Lectura, do Libro e das Bibliotecas. Así, enténdese por libro “calquera obra científica, artística, literaria ou de calquera outra índole que constitúe unha publicación unitaria nun ou varios volumes e que pode aparecer impresa ou en calqueroutro soporte susceptible de lectura”. Enténdense, polo tanto, incluídos na definición de libro os libros electrónicos e os libros que se publiquen ou se difundan por Internet ou noutro soporte que poida aparecer no futuro.

A impresión non adoita incluírse nas clasificacións culturais nin nas definicións das industrias culturais, por non considerarse unha actividade cultural. Con todo, de acordo co modelo de ciclo cultural, a impresión debe incluírse como parte da función de produción da industria editorial. En consecuencia, o Marco de Estatísticas Culturais da UNESCO (MEC) inclúe actividades de impresión que teñen un uso final prioritariamente cultural. O problema xorde cando se intentan identificar estas actividades empregando os actuais sistemas de clasificación estatísticos. En xeral, as actividades de impresión relacionadas coa industria editorial inclúense baixo o dominio ‘libros e prensa’ como unha función de produción.



Con todo, exclúese a categoría “outros materiais impresos”, que inclúe a impresión de catálogos comerciais ou traballos de impresión ‘rápidos’. O MEC recomenda incorporar estas actividades relacionadas coa impresión baixo o dominio ‘equipamento e materiais de apoio’. Porén, nesta informe abórdase exclusivamente o eido do libro.

Para a elaboración deste estudo o Observatorio nítrese de tres fontes esenciais:

- Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de la edición española de libros con ISBN.
- Instituto Nacional de Estadística. Producción Editorial de Libros.
- Federación de Gremios de Editores de España. Comercio Interior del libro en España.

Resultados

Un dos problemas fundamentais que xorden á hora de consultar estas fontes é a diferenza nos datos publicados por cada unha delas. Esta discrepancia informativa causa certa controversia na interpretación estatística e está motivada diferenzas metodolóxicas.

A continuación descríbense as diverxencias máis significativas entre as tres fontes.


As diferenzas entre fontes

Instituto Nacional de Estadística	Ministerio de Educación, Cultura e Deporte	Federación de Gremios de Editores de España
- Inclúe, diferenciados libros e folletos (distínguense polo número de páxinas). - Emprega o concepto “título”, que pode incluír varios volumes. - Atende a ISBN solicitado, mesmo aínda que non estea concedido ou que a obra se publique noutro ano. - Recolle o Depósito Legal (tamén solicitado). - Recolle obras foráneas impresas en España, se se distribúen no Estado.	- Non distingue libros de folletos (non atende ao número de páxinas). - Parte dos ISBN concedidos. - Unha mesma obra pode ter varios ISBN (para distintos volumes e diferentes edicións). - Acolle soportes diferentes do libro impreso.	- Recolle datos do ISBN unicamente de empresas privadas. - Controla desde o pasado ano a concesión do ISBN - Traballa tamén con enquisas ás editoras federadas en gremios. - Non contempla edición por Comunidades Autónomas.

Deste xeito, pódense atopar datos tan dispares como, por exemplo, os que se refiren á edición: segundo a Federación de Gremios de Editores de España en 2012 editáronse na comunidade galega 1.888 libros, un dato que para o Instituto Nacional de Estadística sitúa en 2.660 e o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte en 2.528, tal e como se pode ver na seguinte gráfica.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Evolución da edición en Galicia segundo as fontes estatísticas. Anos 2007-2012



Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística. Producción Editorial de Libros. Federación de Gremios de Editores de España. Comercio Interior del libro en España. Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN

Por mor desta desigualdade informativa observamos como a edición do libro en Galicia mostra unha variación de ata 25,3 puntos porcentuais en 2012 segundo a fonte estatística que se consulte. Esta diverxencia de criterio esténdese a todas as análises posibles. Segundo o MECO o ano editorial máis frutífero foi o 2010 con 4.754 libros inscritos; para o INE o 2008 con 3.747 títulos publicados e finalmente para a FGEE o ano 2009 con 2.996 libros editados.

Á marxe deste feito, e comezando polos libros inscritos en ISBN en Galicia, vemos como o reponte experimentado nos anos 2009 e 2010 auguraba unha mellora da tendencia, mais unha vez coñecidos os datos de 2012 esa aparente traxectoria muda radicalmente e a baixada de inscricións neste último ano se acentúa de xeito sobresaínte, tanto para a edición en soporte papel como noutros soportes.

Libros inscritos no ISBN

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
España						
Total libros	96.770	104.223	110.205	114.459	116.851	104.724
Libros en soporte papel	88.679	95.508	96.955	95.959	91.931	80.094
Libros noutros soportes	8.091	8.715	13.250	18.500	24.920	24.630
Porcentaxe	8,4	8,4	12,0	16,2	21,3	23,5
Galicia						
Total libros	3.396	3.690	4.069	4.754	3.384	2.528
Libros en soporte papel	3.206	3.453	3.370	4.068	2.839	2.192
Libros noutros soportes	190	237	699	686	545	336
Porcentaxe	5,6	6,4	17,2	14,4	16,1	13,3

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de la edición española de libros con ISBN.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Como se pode ver na táboa anterior, no total España a evolución das inscricións de libros editados en soportes diferentes ao papel é positiva fronte ao descenso na proporción sufrido na comunidade galega de case 3 puntos porcentuais.

Nos resultados de produción editorial¹, observamos que o 2008 é o punto máis alto da serie, como se reflicte na táboa seguinte, acadando valores mínimos en 2012.

Número de títulos (libros e folletos)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
España	72.914	86.330	74.521	76.206	74.244	69.668
Galicia	2.364	3.747	3.180	2.778	2.866	2.260

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Producción editorial de libros

No caso da proporción de primeiras edicións, comprobamos como tras o remonte xeneralizado de 2011, o comportamento de Galicia e o total España varía pouco no último ano.

Primeiras edicións (en %)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
España	79,5	79,1	77,9	78,5	83,4	84,0
Galicia	88,2	86,2	85,7	82,2	92,3	91,6

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de la edición española de libros con ISBN.

Ao contrario do que sucede no total España, na comunidade galega parece que, tras a forte caída sufrida en 2009 na proporción de edición pública (peor dato do período exposto, cun 9,1%), a tendencia é moderadamente alcista en 2010 e 2011. En 2012 cae 3,9 puntos porcentuais, mentres que no resto do Estado fréase levemente a tendencia.

Edición pública (en %) de libros inscritos no ISBN

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
España	12,3	11,2	9,8	8,6	8,0	7,2	7,5
Galicia	33,3	13,5	13,7	9,1	12,6	13,9	10,0

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de la edición española de libros con ISBN.

O comportamento dos títulos traducidos do galego marca unha tendencia irregular, para desembocar en 2012 no peor dato dos últimos sete anos, con tan só 89 títulos traducidos.

¹ A diferenza das anteriores, a Estatística de Producción Editorial publicada polo Instituto Nacional de Estadística elabórase partindo dos datos dos libros entregados na sección de Depósito Legal do departamento de adquisicións da Biblioteca Nacional e información anexa —impreso de solicitude do número de DL e ficha de solicitude do ISBN se procede—. En consecuencia, inclúe materiais libraríos xa editados (o ISBN asígnase sobre proxectos de edición) e máis aló dos que están en venda.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Castelán	3729	4409	3725	3501	3864	4215	3677
Catalán	691	1049	821	662	782	862	574
Galego	194	198	131	117	170	152	89
Éuscaro	96	102	100	103	97	85	69

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de la edición española de libros con ISBN.

Cando tratamos as tiraxes, hai que subliñar que o Instituto Nacional de Estadística non achega datos de 2012, posto que a partir dese ano recolle publicacións editadas en España, independentemente do lugar onde foron impresas.. Como se observa nas táboas seguintes, tanto na industria editorial galega como na do conxunto de España a tendencia baixista é evidente, quizais máis suave en Galicia despois do gran reponte de 2008.

Número de exemplares (en miles)					
	2007	2008	2009	2010	2011
Total					
España	226.871	255.513	183.866	132.126	99.829
Galicia	3.242	5.240	4.468	3.783	3.258
Taxa de variación (%)					
España		12,6	-28,0	-28,1	-24,4
Galicia		61,6	-14,7	-15,3	-13,88

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Producción editorial de libros

Podémolo ver con algo máis de claridade nas tiraxes medias nas que atopamos unha tendencia claramente descendente no conxunto de España, algo máis leve na comunidade galega. O Observatorio da Lectura e do Libro atribúe isto a un “axuste de mercado”, e a Federación de Gremios de Editores de España a que tan só as empresas grandes diminuíron o seu número de títulos editados, mentres que o resto de empresas o aumentaron. En cambio, o número total de exemplares editados é menor tanto nas empresas moi grandes coma nas grandes, manténdose nas medianas e aumentando nas pequenas. Estes descensos inflúen na caída das tiraxes medias totais de todos os tamaños de empresa, agás das pequenas. Poderíamos concluír que o devandito ‘axuste de mercado’ non se está a producir en Galicia e que a razón desta diminución debe buscarse no tamaño das empresas do sector.

Tiraxes medias					
	2007	2008	2009	2010	2011
España	3.111	2.960	2.467	1.734	1.345
Galicia	1.371	1.398	1.405	1.362	1.137

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Producción editorial de libros

No ámbito dos editores (solicitantes de ISBN), ata 2011 o aumento parecía manter certo equilibrio tanto no total España como na comunidade galega, mais como se pode observar a continuación os datos retórnase negativos tanto no número de editores como nas producións medias, que se sitúan en Galicia por debaixo dos 20 por primeira vez nos últimos 6 anos.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**Editores e producións medias**

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Editores						
España	3.524	3.472	3.564	3.473	3.474	3.187
Galicia	148	159	157	164	169	147
Produción media						
España	27	30	31	33	34	33
Galicia	23	23	26	29	20	17

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de la edición española de libros con ISBN.

En canto á lingua de publicación, segundo os datos de produción editorial, apreciamos unha caída de títulos en galego a partir de 2009, que toca fondo en 2012 coa publicación de 1.322 libros.

Número de títulos publicados en galego

Ano	Títulos editados
2007	1.472
2008	2.070
2009	1.823
2010	1.429
2011	1.430
2012	1.322

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Producción editorial de libros

Segundo a estatística do ISBN, a suba experimentada na publicación de títulos en galego noutros soportes diferentes ao papel en 2011, inverteuse en 2012, cando todos os datos referidos a libros editados en soporte papel ou noutros soportes son negativos. Aínda que descenden tanto os títulos en catalán coma en éuscaro, a lingua máis afectada é a galega, como se pode apreciar na seguinte táboa.

Títulos por linguas

	2008	2009	2010	2011	2012
Total					
Catalán	10.750	10.526	10.748	12.836	9.326
Galego	2.482	2.121	2.544	2.130	1.621
Éuscaro	2.156	2.040	1.852	1.901	1.810
Libros en soporte papel					
Catalán	10.456	10.245	9.999	10.373	7.969
Galego	2.359	1.970	2.326	1.669	1.401
Éuscaro	2.061	1.772	1.626	1.660	1.652
Libros en soporte dixital					
Catalán	204	294	281	2.463	1.357
Galego	46	123	151	461	220
Éuscaro	51	95	268	241	158

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Estadística de la edición española de libros con ISBN.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Os datos que achega a Federación de Gremios de Editores de España (FGEE) e a Asociación Galega de Editores (AGE) reflíctense nas seguintes táboas:

Empresas editoriais e emprego xerado

	2009 Total	2009 Variación	2010 Total	2010 Variación	2011 Total	2011 Variación	2012 Total	2012 Variación
GALICIA								
Empresas editoriais privadas e agremiadas	46	2,2	45	-2,2	48	6,7	39	-18,6
Publican en galego	44	-	43	-2,3	45	4,6	-	-
Emprego xerado	291	-5,5	249	14,4	236	5,2	190	19,5
ESPAÑA								
Empresas editoriais privadas e agremiadas	889	3,6	839	-5,6	840	0,1	816	-2,9
Publican en galego	-	-	-	-	-	-	-	-
Emprego xerado	14.240	-9,5	13.864	-2,6	13.441	-2,9	12.689	-5,6

Fonte: FGEE. Comercio Interior del libro en España; AGE. Comercio Interior do Libro en Galicia

No tocante ao número de empresas agremiadas no sector editorial en Galicia, pódese observar que entre 2009 e 2011 mantívose constante, experimentando cambios pouco salientables. Porén no ano 2012 produciuse un desplome dun 18,6% con respecto ao ano anterior, o cal supón un peche de 9 empresas nun só ano, rexistrándose así a cifra máis baixa de empresas de toda a serie temporal estudada. No conxunto de España tamén se produciu unha caída constante aínda que máis sostida na cifra de empresas deste sector. Así no período estudado o número de empresas pechadas ascende a 73.

Edición de libros

	2009 Total	2009 Variación	2010 Total	2010 Variación	2011 Total	2011 Variación	2012 Total	2012 Variación
GALICIA								
Títulos vivos en catálogo. Total	12.108	4,0	13.269	8,7	13.994	-5,2	13.292	-5,0
Títulos vivos en catálogo en galego	8.731	1,5	9.669	9,7	10.708	9,7	10.804	0,9
Títulos editados. Total	1.954	6,4	2.115	7,6	2.156	1,9	1.888	-12,4
Títulos editados en galego	1.201	8,4	1.566	23,3	1.587	1,3	-	-
Exemplares producidos (en miles)	2.644	-8,5	3.361	21,3	3.365	0,1	2.426	-27,9
Exemplares producidos en galego	2.071.121	-	2.350.035	11,9	2.337.111	-0,5	1.917.000	-18,0
Tiraxe media. Total	1.507	-14,4	1.589	-5,2	1.561	-1,8	1.285	-17,7
Tiraxe media en galego	1.475	-	1.500	1,7	1.473	-1,8	1.315	-10,7
ESPAÑA								
Títulos vivos en catálogo. Total	414.727	5,5	439.991	6,1	464.981	5,7	490.757	5,5
Títulos vivos en catálogo en galego	-	-	-	-	-	-	-	-
Títulos editados. Total	76.213	4,4	79.839	4,8	83.258	4,3	79.175	-4,9
Títulos editados en galego	1.577	-6,5	2.028	22,2	1.922	-5,2	1.848	-3,8

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Exemplares producidos (en miles)	329.831	-10,2	302.631	-8,2	286.462	-5,3	280.251	2,2
Exemplares producidos en galego	-	-	-	-	-	-	-	-
Tiraxe media. Total	4.328	-14	3.790	-12,4	3.441	-9,2	3.540	2,9
Tiraxe media en galego	-	-	-	-	-	-	-	-

Fonte: FGEE. Comercio Interior del libro en España; AGE. Comercio Interior do Libro en Galicia

No que respecta á edición de libros, obsérvase que en Galicia foi aumentando progresivamente ata o ano 2012, no que se produciu un descenso dun 12,4% con respecto ao ano anterior, quedando o número de títulos por debaixo do ano 2009. O ano que máis medrou a produción editorial foi en 2010, especialmente na edición en galego, que se incrementou nun 23,3% con respecto ao ano anterior. En canto ao número de exemplares editados, produciuse unha variación interanual negativa considerable no total dos exemplares editados en 2012 en Galicia, aínda que cómpre salientar que na edición en galego este descenso non foi tan forte.

Por outra banda, no conxunto de España tamén se constata unha diminución de títulos editados no ano 2012, aínda que foi menos brusca ca en Galicia. Así, se pode observar na táboa anterior que a produción editorial en España foi incrementándose progresivamente de maneira sostida ata o ano 2012, ano no que diminuíu nun 4,9% con respecto ao ano anterior.

Facturación e vendas

	2009 Total	2009 Variación	2010 Total	2010 Variación	2011 Total	2011 Variación	2012 Total	2012 Variación
GALICIA								
Cifra de facturación (millóns de euros). Total	33,68	1,9	30,98	-8,0	27,17	-12,3	27,53	1,3
Cifra de facturación en galego	24.609	-	23.311	-5,2	21.434	-8,0	21,58	0,7
Prezo medio dos libros	15,42	-11,5	13,64	-3,8	13,94	2,1	-	-
Exemplares vendidos. Total (en miles)	2.261.445	-	2.270.290	0,4	1.949.256	-14,1	-	-
Exemplares vendidos en galego	1.595.747	-	1.703.423	6,3	1.534.409	-9,9	-	-
Dereitos de autor (millóns de euros)	2	-	1,96	-2,0	1,56	20,4	-	-
ESPAÑA								
Cifra de facturación (millóns de euros). Total	3.109,58	-2,4	2.890,8	-7,0	2.772,34	-4,1	2.471,49	-10,9
Cifra de facturación en galego	-	-	-	-	-	-	-	-
Prezo medio dos libros	13,17	-0,7	12,67	3,6	13,87	9,5	14,52	4,7
Exemplares vendidos. Total (en miles)	236.197	-1,7	228.226	-3,4	199.814	-12,5	280.251	28,7
Exemplares vendidos en galego	-	-	-	-	-	-	-	-

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Dereitos de autor (millóns de euros)	213,8	-2,7	182,33	-14,7	183,84	-0,8	179,86	-2,2
---	-------	------	--------	-------	--------	------	--------	------

Fonte: FGEE. Comercio Interior del libro en España; AGE. Comercio Interior do Libro en Galicia

Polo que respecta á facturación, en Galicia aumenta lixeiramente en 2012 con respecto a 2011, tanto na facturación total (1,3%) coma da edición en galego (0,7%), ao contrario do que acontece no conxunto de España onde diminúe en 2012 un 10,9% con respecto ao ano anterior. Outro dato salientable é que o prezo medio dos libros aumentou todos os anos e que as vendas de libros incrementáronse en 2012 nun 28,7% de exemplares, polo que chama a atención que diminuíra un 10,9% a facturación.

Libro e lectura son conceptos estritamente vinculados, polo que consideramos fundamental a revisión do indicador de hábitos culturais relacionado coa lectura de libros.

Persoas que leron algún libro no último ano, por comunidade autónoma

	2002-2003	2006-2007	2010-2011
Total España	45,5	57,7	58,7
Andalucía	40,8	53,1	56,6
Aragón	42,0	63,8	60,8
Asturias	40,6	50,5	55,9
Baleares	43,7	51,8	57,2
Canarias	49,0	55,7	64,2
Cantabria	48,6	70,1	63,2
Castela e León	50,9	57,9	55,1
Castela-A Mancha	39,0	56,0	46,4
Cataluña	48,6	61,0	60,8
Comunidade Valenciana	38,2	57,8	53,8
Extremadura	30,9	46,2	45,0
Galicia	50,7	48,5	53,3
Madrid	51,4	67,6	69,5
Murcia	37,9	47,5	52,8
Navarra	50,9	61,8	58,7
País Vasco	54,4	61,3	65,6
A Ríoxa	49,4	60,5	62,9
Ceuta e Melilla	-	51,8	65,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2010-2011.

Á marxe dunha interpretación cautelosa por mor dunha posible resposta relacionada coa desexabilidade social, pódese afirmar que, en xeral, a lectura de libros aumentou en Galicia e no resto do Estado; con todo, hai cinco comunidades autónomas nas que baixou a porcentaxe de lectores. Non hai que esquecer a influencia que o nivel de estudos exerce na porcentaxe de lectores que aumentan proporcionalmente ao seu grao de formación.


O consumo dos fogares nos últimos anos non reflicte esta tendencia positiva. Se en 2007 o desembolso dos galegos era de 84,6 millóns de uros en libros, catro anos despois o gasto caeu 24 millóns de euros euros. O gasto medio por fogar tende a converxer coas cifras do total de España.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**Gasto en libro non de texto**

	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Total (millóns de euros)						
Total	1.311,1	1.235,2	1.301,2	1.371,9	1.234,4	1.019,4
Galicia	84,6	88,7	68,1	68,1	67,2	60,6
Gasto medio por fogar (euros)						
Total	82,7	75,9	77,7	80,4	71,9	58,8
Galicia	87,5	91,9	68,5	67,2	65,9	59,2

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de presupuestos familiares.

Os datos relacionados cos hábitos de lectura e compra de libros reflicten dúas tendencias opostas pero que non teñen por que ser contraditorias. Obsérvase que o gasto total en libros non de texto 2006-2011 diminuíu nun 28,4%, mentres que o hábito de lectura de libros pode cualificarse como dunha evolución de crecemento sostido con tendencia á estabilidade.


Evolución dos lectores e a compra de libros en Galicia

Fonte: Ministerio de Cultura. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España. Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

As tendencias na actividade empresarial reflíctense do seguinte xeito:

Evolución do número de empresas de edición de libros, xornais e outras actividades editoriais. Comparativa España-Galicia



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Directorio Central de Empresas: explotación estadística

Podemos ver unha evolución negativa na creación de empresas a partir de 2010, máis acusada no conxunto de España que en Galicia, onde incluso se experimenta unha leve subida en 2013.

Evolución do número de empresas de edición de libros, xornais e outras actividades editoriais por estrato de asalariado en Galicia

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total	332	345	364	359	357	369
Sin asalariados	162	174	180	184	192	201
De 1 a 2 asalariados	100	95	107	99	94	105
De 3 a 5 asalariados	32	31	35	37	39	28
De 6 a 9 asalariados	10	14	14	13	8	11
De 10 a 19 asalariados	14	16	15	14	11	12
De 20 a 49 asalariados	5	5	3	4	4	4
De 50 a 99 asalariados	3	4	3	2	3	3
De 100 a 199 asalariados	4	4	4	4	5	4
De 200 a 499 asalariados	1	1	3	2	1	1
De 500 a 999 asalariados	1	1	0	0	0	0
De 1000 a 4999 asalariados	0	0	0	0	0	0
De 5000 o más asalariados	0	0	0	0	0	0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Directorio Central de Empresas: explotación estadística

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

En canto ao tamaño das empresas de edición de libros, xornais e outras actividades hai una tendencia ao incremento de sociedades sen asalariados ou con poucos.

Acusan unha caída maior as empresas relacionas coas artes gráficas que se sitúan en 678 en 2013 en Galicia, fronte a 733 que había en 2013, o cal supón un descenso dun 7%, unha tendencia menos acusada que o total nacional, onde se constata un descenso dun 16% no mesmo período.

No tocante aos resultados empresariais, o grupo de actividades nas se enmarca a edición, ofrece os seguintes:

Indicadores do sector empresarial do grupo de actividades “Información e comunicacións” (miles de euros). Medias. Galicia.

	2007	2008	2009	2010	2011
Cifra neta de negocios	1.125,08	1.256,18	866,94	940,39	947,97
Ingresos de explotación	1.194,07	1.301,74	912,59	978,4	991,02
Consumos intermedios	794,74	868,99	471,97	481,16	499,15
Valor engadido	330,26	358,53	374,87	420,64	426,68
Gastos de persoal	349,29	392,65	385,49	351,73	430,83
Resultado do exercicio	189,72	208,42	182,94	103,13	177,79

Fonte: Base de datos "Sistema de análise de balances ibérico" (SABI). IGE. Directorio de empresas

Como podemos ver, produciuse unha caída importante dos ingresos en 2009e un moderado ascenso nos anos posteriores, acompañado dun aumento de valor engadido e unha contención dos gasto de persoal. O resultado do exercicio obtén un aumento importante na última anualidade.

Abordamos agora a ocupación profesional do sector. Segundo o Observatorio Ocupacional do Instituto Galego das Cualificacións, as profesións que exercerían actividades propias do libro e publicacións periódicas incluíríanse dentro das seguintes familias profesionais.

Ocupacións principais que exercen actividades propias do ámbito do libro e as publicacións

Ocupacións	Perfil profesional
Grafistas, maquetistas Técnicos editores Técnicos en produción editorial Copistas/calculadores de deseños Infografistas de prensa Técnicos de autoedición Técnicos de (foto)composición Técnicos de encadernación	- Mulleres - 25-35 anos - Bacharelato /FP Superior
Correctores tipográficos-ortográficos Impresores de serigrafía/artes gráficas Preimpresores Gravadores de pedra litográfica Artesáns impresores	- Homes - 26-35 anos - ESO/FP Medio
Operadores de máquinas de encadernación industrial	- Homes - Menores de 26 anos - ESO/FP Medio
Encargados de taller de imprenta Encargados de taller de encadernación	- Homes - 26-35 anos
Directores de gabinete de prensa	- Homes

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

	- 36-45 anos
Reporteiro e informador gráfico	- Homes - 36-45 anos - Bacharelato /FP Superior
Coordinador de editorial Correctores de estilo Escritores Críticos literarios, de arte e espectáculos Redactores de prensa, radio e televisión	- Mulleres 26-35 anos
Filólogos Lingüistas Tradutores e intérpretes	- Mulleres - 26-35 anos

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Observatorio Ocupacional

O perfil profesional dos ocupados é principalmente de homes novos, agás nalgunhas profesións nas que dominan as mulleres.


No que atinxe ao paro no sector, podemos ver que os indicadores de tendencia amosan un descenso nos demandantes nos últimos meses.

Número de demandantes de emprego nalgunhas ocupacións relevantes no ámbito do libro e as publicacións periódicas (outubro de 2013)

Ocupacións	Demandas	Indicador de tendencia
Grafistas, maquetistas	188	Decrecemento irregular
Técnicos editores	17	Decrecemento irregular
Técnicos en produción editorial	25	Decrecemento irregular
Redactores-correctores de editorial	376	Decrecemento irregular
Codificadores e correctores de imprenta	Non existen datos significativos	
Técnicos en preimpresión	175	Decrecemento irregular
Técnicos en impresión, en xeral (industrias gráficas)	225	Decrecemento irregular
Directores de gabinete de prensa	99	Decrecemento irregular
Reporteiro e informador gráfico	66	Decrecemento irregular
Escritores	16	Decrecemento irregular
Xornalistas	598	Decrecemento irregular
Filólogos, intérpretes e tradutores	953	Decrecemento irregular

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Observatorio Ocupacional

En calquera caso, este decrecemento non se atopa relacionado cos datos de afiliacións á Seguridade Social, tal e como podemos observar na seguinte gráfica:

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGAAfiliações á Seguridade Social por ramas da CNAE 2009 dende xaneiro
de 2008 ata decembro de 2012

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

*Os datos anteriores a xaneiro de 2009 son estimacións, por mor do cambio da clasificación da CNAE nese ano.

Se non temos en conta o derrube que se produce no momento do cambio da clasificación de actividade económicas (xaneiro de 2009) observamos unha clara tendencia á destrución de emprego.

No tocante ao comercio exterior, unha primeira achega a través da clasificación TARIC de produtos permite ver a evolución de “produtos editoriais, da prensa ou doutras industrias gráficas; textos manuscritos ou mecanografados e planos”.

Comercio exterior e intra comunitario total e de produtos editoriais, da prensa ou doutras industrias gráficas; textos manuscritos ou mecanografados e planos (miles de euros)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Exportacións	16.670.019	15.740.087	13.957.779	14.913.206	17.149.900	16.499.234
Importacións	16.152.042	15.498.548	13.165.879	13.709.965	14.355.176	14.848.730
Exportacións	7.871	5.260	4.083	5.180	3.542	3.779
Importacións	5.244	5.217	4.743	16.297	3.467	3.003

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria


As exportacións de produtos editoriais e derivados creceu sensiblemente entre 2012 e 2011, despois de varios anos de caídas.

Os principais datos económicos do sector amosan unha gran debilidade. Como se pode observar na seguinte gráfica, dende 2008 prodúcese unha caída moi forte do emprego e unha destrución importante de empresas. Lamentablemente, o sector exterior, é dicir, a exportación de libros, lonxe de despegar, semella afundirse. Para entender isto en perspectiva comparada, abonda dicir que se destruíu máis do dobre de emprego neste sector con respecto do total da economía galega e que mentres que as exportacións totais creceron case un 5%, o libro caeu

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

case un 30%. A taxa de destrución de empresas é semellante no ámbito do libro e no conxunto da economía de Galicia.

Evolución das exportacións de produtos editoriais, empresas de edición e afiliacións á Seguridade Social en Galicia



Fonte: Elaboración Propia a partir de Instituto Galego de Estatística. Comercio Exterior e Intracomunitario, Afiliación a Seguridade Social e Instituto Nacional de Estadística. Directorio Central de Empresas